

### III.

A Pico sempre lle gustara a casa que fixeran os Coelleiros tras casar os fillos, unha coqueta vivenda de planta alta e un baixo con garaxe e unha limpa nave para as gaiolas dos animais que lles deran o alcume, recollida e do tamaño adecuado para a comodidade dos dous e das visitas familiares, ás que recibían sen estreituras nun amplo salón-comedor, orgullo da muller, pero que agora se revelaba como demasiado pequeno para toda aquela xente. Eran en total máis de trinta persoas segundo os seus cálculos rápidos ateigando o corredor e as diferentes estancias, algúns nun estado tal de prostración que requirirían unhas instalacións máis grandes e despexadas acordes á súa ansiedade. As cadeiras, sofás e demais útiles para sentar eran insuficientes e a maioría optara por apoiarse en chan e paredes, convencéndose a si mesmos con que era unha situación momentánea. Segundo parecía, o axente da Garda Civil conseguira solicitar axuda pola radio do seu coche e quedaran en enviala o máis axiña posible. Todos pareceron aferrarse a esa resposta nuns primeiros minutos, máis como tranquilizante dos seus ánimos atemorizados que porque de verdade confiasen nesa promesa. Había en contra unha serie de elementos preocupantes, como a sospeitosa falta de cobertura de todos os móbiles, inclusive os das compañías co sinal máis potente no Concello, ou a falta de ton do teléfono fixo, como se cortaran os fíos. Foi Pico precisamente quen notou esa circunstancia. Estaba morto de preocupación pola muller e a filla maior e, por unha vez, deu grazas a todos os santos do Ceo que a pequena fose un cu

de tan mal asentado que non soportase pasar as fins de semana na vila e liscase ás casas dos amigos en calquera outro sitio. Procuraba serenarse lembrando que esas dúas das tres mulleres da súa vida eran de carácter máis ben medorento e acostumaban pechar a porta con varias voltas de chave na súa ausencia. Seguramente, estarían atrincheiradas esperando o seu regreso as dúas xuntas no sofá do salón, como algunha vez acontecera, sobre todo nas últimas semanas, cando el se reunía case a diario con Miguel e Pepe, os outros dous sufridos membros da Comisión de Festas. Mareouse ante ese recordo e a conseguinte constatación do violento cambio das cousas. Agora, Miguel estaba entre eses resucitados encerrados na sancristía, pois fora dos primeiros en axudar a Nuno e en pago recibira unha mordedura que lle levara media man. O propio Pico termara del mentres agonizaba e só por uns reflexos saídos de non sabía onde conseguira evitar o seu ataque naquela depravada volta á vida. Prefería aliviar a súa inquietude coa idea de que Pepe deixara a festa bastante antes de que todo empezase, pero nesa explicación sensata latexaba o temor ante a lembranza da vocación peonil do outro compañeiro de esforzos. Os cálculos resultaban abafantes: a súa casa estaba a case media hora andando, seica máis por baixar por tramos bastante escuros. Entraba dentro das posibilidades atoparse con calquera daqueles seres que agora deambulaban polo torreiro e cerca da casa, tal e como puideran comprobar polas firgoas das persianas, pois pecharan todas e cada un dos accesos posibles a aquel espazo tan saturado.

Así as cousas abaixo, aquel interior tiña un ambiente moi enrarecido, e non só por aquel obrigado enclaustramento total. A xente continuaba explotando o rol de chibo expiatorio na figura de Raúl, por moito que se puxese

ao seu favor a desconsolada muller a quen salvara a vida e que, ao cabo, fose el o que os avisara do perigo dos redivivos. Pouco parecía importar, os superviventes lanzábanlle unhas miradas que ían desde o fastío desagradable ao odio mudo, así como frases do tipo “pola túa culpa”, que el evitaba cravando os ollos naquel excelente chan de baldosa ou finxindo unha xordeira momentánea. Pico preferira non cruzar a mirada con el por unha mestura da súa propia preocupación e de covardía ante o grupo, pois, bo coñecedor do carácter da maioría daquelas xentes, sabía perfectamente que antes ou despois buscarían outro para repartir as culpas. Xa tivera algunha tímida mostra coa teima da rosquilleira, perseguíndoo polo corredor coa esixencia á Comisión dunha indemnización polas perdas sufridas co envorcamento do seu humilde posto. Escapaba dela suxeitando o pantalón pois, para completar a noite, empregara o cinto no torniquete da neta do dono da casa e agora esa prenda ameazaba con esvararse até os mesmos xeonllos, co que iso podía supor de ridículo insufrible.

O ruído a cristais rotos preto da porta asustou a todos. Un daqueles redivivos escachara coa man o cristal dunha estreita fiestra a carón da entrada e agora tentaba meter todo o brazo, e detrás o resto do seu corpo, pero a estreiteira daquela abertura só lle permitía introducilo até a altura do cóbado. Ante o pánico dos primeiros momentos, cun balbordo enxordecedor de xente berrando e correndo en todas as direccións, houbo un subseguinte alivio microscópico ao comprobar que aquilo só se dedicaba a lanzar manotazos inútiles e non era capaz de abrir o picaporte desde esa posición, para finalizar aquela montaña rusa dos nervios cunha nova preocupación co que parecía a chegada de novos redivivos, seica, como apuntou algún dos presentes, polo

ruído armado uns segundos antes. Aquelas cousas parecían pulular polo patín a carón do relanzo que daba ás ventás da cociña, cuxas persianas baixadas sufrían os seus ataques en forma de golpes desordenados. Pico e outros homes conseguiron mover mesas e outros mobles para tapiar aqueles novos posibles puntos de risco, aínda que tiñan a protección das súas respectivas reixas, pero non se atreveron a achegarse ao burato preto da porta, por moito que todos eles tivesen ben claro que aquela man emporcallada de terra e sangue e co que parecían graves fracturas e cortes non tiña posibilidades de alcanzalos. Limitábanse a mirar hipnotizados os seus esforzos inútiles. Por iso, aquel tremendo son asustounos tanto. O dono da casa cargara o rifle para os xabarís e, sacándoo por aquela abertura, dispararao á altura da cara daquel asaltante, facendo que este saíse impulsado de costas varios metros. O corpo quedou tendido no patín tremendamente desfigurado, pero Pico puido identificalo sen dubidar. O chaleco reflectante de peón prudente e os cómodos zapatos para andar eran elementos máis característicos que o propio nome e apelidos. Ademais, a conclusión que se abriña paso no seu torturado ánimo era evidente: Se alcanzaran a Pepe, era probable que todas aquelas cousas chegaran aos lugares de máis abaixo, isto era, á altura da súa propia casa. A desesperación inundouno pero só o detalle tan absurdo de verse o pantalón a medio caer debido ao esforzo de mover mobles foi o detonante inédito dun pranto que lle impediu continuar axudando. Cando a muller do Coelleiro veu prestarlle un vello cinto do seu home, el abrazouna como se lle fixera o agasallo máis prezado do mundo.

O mínimo, ínfimo, microscópico consolo que podía extraer de todo aquilo era que resultara ter táboas de verdadeira líder. Na sancristía conseguira coordinar a todos aqueles voluntarios e achegados dos feridos e que a estes se lles prestara a mellor atención posible dado o gran número de elementos en contra xurdidos. Non lle tremera a voz nin unha soa vez determinando o tipo de atención a prestar ou acougando aos máis histéricos ante a catástrofe, pero, agora, todo o peso da situación caéralle enriba cunha violencia inesperada e tremía acubillada contra o lateral dunha butaca, e non só pola friaxe daquelas horas e da que o seu exíguo minivestido non a podía protexer, ao que se unía que na fuxida espantada perdera os seus zapatos. Fronte a todo iso, a idea clave e fundamental que non deixaba de martelar na súa cabeza: ela ben dixerá que non necesitaban vir a esta verbena. Fitou a Abilio con odio unha vez máis, sobre todo ao decatarse que cos outros moinantes maiores da orquestra como eran Vítor e Xerardo andaban facendo as beiras ao moble bar, onde indefensas esperaban varias botellas de distintos licores. “Nin se vos ocorra”, murmurou no volume máis baixo posible, aínda que coa suficiente intensidade como para que os aludidos esquecesen polo momento as súas intencións. Ese novo exercicio da autoridade recentemente descuberta serviulle para quitar unha pouca da súa frustración e concluíu en que o mellor era poñerse de novo en marcha para botar unha man no posible a toda aquela xente que, contemplada desde os ollos do liderado, parecía necesitar tanto de accións firmes de axuda. A idea, unha vez formulada, non parecía moi fácil de executar. Alí debía haber máis de trinta persoas, todas sufrindo en maior ou menor medida episodios de pánico e mágoa profunda. Aquelles vellos tan amables que resultaran ser os donos da casa non deixaban de chorar a perda dun fillo e

unha neta na mesma noite, pero a coitada da muller aínda amosou forzas para buscar un cinto para o presidente da Comisión de Festas e logo unhas prendas para ela. Os pantalóns, camisa e deportivas vellas pero incrivelmente limpas que lle pasou co amabilísimo comentario de que non podía estar así agradecéronse máis por aquela mediocre cantante e eficaz sanitaria improvisada que se lle regalasen un conxunto exclusivo de alta costura, e pouco lle importou que fosen ao menos un par de tallas máis grandes e que tivese que suxeitar o pantalón á cintura cun cordón de tendal. “É a noite dos pantalóns frouxos”, tentou animarse a si mesma, pero o escenario non era o máis propicio para elo. O garda civil permanecía sentado no chan, mirando de xeito obsesivo unha pistola que ela supuxo do compañeiro morto dúas veces. Fronte á determinación do torreiro, disparando sen dudar e dando as necesarias instrucións de fuga, naquel sitio parecía un simple rapaz de uniforme totalmente ultrapasado polas circunstancias. Instalouse nela a dúbida do que podía estar acontecendo no exterior e se realmente sería verdade que o rescate estaba en camiño. Desde logo, non parecía o máis coherente con esa posibilidade a actitude do axente, pero esa cavilación foi interrompida polo ruidoso “flap flap” que todos sentiron sobre o teito e que axiña atribuíron ao voo baixo dun helicóptero sobre a casa. Instalouse entón entre aquela xente, ela incluída, a necesidade de comprobar o que estaba a pasar e, aínda que o medo seguía a atenazalos, abriron a fiestra da esquina sur, a que, segundo o propietario, resultaba ser a máis afastada do patín e tamén do chan. No peor dos casos, insistiu aquel home, quen quixese chegar até eles tería que colocar unha escaleira de man e subir a altura dun primeiro piso.

Conseguiu colocarse de xeito tal que quedou encaixada contra o peitoril e tivo por elo a mellor visión. Tal e como ben supuxeran, había un helicóptero sobrevoando a casa e o torreiro en obsesivos círculos e alumeando cun potente foco a superficie. A xente empezou a berrar e a facer xestos demandando axuda, mentres que aqueles seres parecían enfurecerse máis tanto ante aquel estrondo, como ante as presas que non podían alcanzar. Ela uniuse a aquel coro e, axitando como se fose unha bandeira o vestido da actuación que aínda conservaba na man, berrou tamén con todas as súas forzas. Algúns chegaron a ver á pasaxe daquel aparello, en concreto, a un tipo que parecía filmar todo cunha cámara e os máis espelidos chegaron a distinguir na fuselaxe o que parecía o logotipo da compañía matriz propietaria dos laboratorios instalados na parroquia e de onde pareceran provir aqueles primeiros seres famentos da carne dos veciños. Tras outro par de xiros, o helicóptero elevouse e saíu de alí sen máis. A xente pareceu asumir novos niveis de desesperación e, de novo, o branco das iras concentrouse na figura do representante da Entidade Local Menor. A pregunta retórica con que o acosaban era “ves como ese laboratorio ía traer problemas?”, repetida con diferente carga de agresividade e que provocaba o seu asustado recuar até que quedou atrapado contra o moble das vaixelas. A causa da sacudida, un par de pratos caeron dos soportes nos que se amosaban orgullosos e escacharon. A dona da casa chegou entón no auxilio daquel home pero, sobre todo, en defensa das súas pertenzas. Un par de ordes coa súa voz máis fría valeron para que a cousa non pasara a maiores e para o alivio da rapaza, xa sen forzas para reemprender a atención de novos feridos. Na nova revista dos compañeiros de orquestra puido distinguir como Abilio agochaba rapidamente

algo nas súas costas e limpaba os seus fociños coa manga. Aquel impresentable, en definitiva, collera unha das botellas do moble desoíndo todas as advertencias. Outros que estaban naquel salón, pola contra, acenderan o televisor na busca dunha actividade menos comprometedor e dedicábanse a pasar polos diferentes canles dispoñibles. En ningún facían referencia ao que estaban a vivir ou, sequera, ao lugar. Iso acabouna de deprimir e ao resto da xente de encolerizar.

A dobra do pantalón de Lidia quedara completamente emporcada co bote de Betadine derramado mentres ela e os outros perseguían aos que fuxían da sancristía, pero nese novo punto de non existencia no que permanecía instalada non importaba, ao igual que non importaba nada todas as manchas de terra e de sangue propia e da limpadora da igrexa que cubrían a súa roupa, algo que unhas horas antes, na súa anterior situación de ser humano, a poría ao borde dun ataque de nervios. O único era ese apetito, ese ansia de carne viva como único sustento do vagar perpetuo ao que parecera quedar abocada e que apenas se saciara coa inxestión voraz de parte do fígado e o páncreas daquela muller a quen unhas horas antes felicitara sinceramente polo bonita que puxera a igrexa para o día do patrón e da que agora apenas quedaba nada que puidese determinar a súa identidade. Os restos sanguinolentos de ósos e carne naquela silueta con trazas levemente humanas xa eran ignorados por todos os que quedarán pechados naquela estancia. Agora a súa tarefa era empuxar unha e outra vez sen descanso contra a porta trabada, sen preocupación das mazaduras ou lesións que unha actividade tan brutal traía e que eles nin notaban. Por fin, os bancos que



aseguraban aqueles taboróns de carballo caeron con gran estrépito e só foi cousa duns cantos empuxóns máis conseguir quedar liberados.

Aquel grupo de antigos veciños e agora seres inclasificables avanzou con determinación ao longo da nave da igrexa e alcanzou a rúa nesa mesma ansiedade de carne viva, ao igual que a dos outros seis redivivos que xiraban por aquel torreiro desorientados, nun esquecemento definitivo de lugares perfectamente coñecidos. Porén, todos presentían o mesmo cargamento de alimento nun daqueles volumes próximos á chaira pola que se movían e acabaron orientándose cara ao lugar. Algúns chegaron a subir a escaleira e golpear frustrados as persianas baixadas e aseguradas do patín, uníndose aos dous que se mantiñan teimosos nesa acción, sen prestar atención ao cadáver sen cara do chan. Era, simplemente, carne morta, non aproveitable, e no novo estado non había valoracións de perdas ou perigos. Pola contra, outros atendían desde abaixo a altura de cinco metros na que a través dun burato permanecían asomados os diversos alimentos de formas similares ás súas, pero co hipnótico hálito da vida aínda neles, e xiraban xusto debaixo, tentando elevar inutilmente os brazos a aquel nivel como única acción posible, pois o movemento propio do salto quedara esquecido no seu corpo morto.

Seica un átomo de vellos recordos puido orientar a Lidia ao baixo da casa. Soubo que nesa estancia había carne viva nada máis pisar alí dentro, aínda que as gaiolas dos coellos estaban no fondo da estancia, pero ela parou primeiro onde detectara a máis próxima e en maior cantidade. Toby, o can dos avós, retrocedía gruñindo ante quen xa non recoñecía como familia dos seus amos. Pola contra, sabía que aquela cousa coa cara e o tamaño da rapaza que sempre lle acariñaba entre as orellas e nunca lle deixaba subirlle enriba porque

a manchaba, non tiña nada que ver, e retrocedía asustado ladrando e amosando os dentes, disposto á fuga á menor oportunidade por canto no seu instinto tiña ben imprimado o tabú do ataque aos humanos, pero a correa que cada noite lle colocaban chegou ao seu tope e non puido seguir recuando, mentres que ela non dubidou en continuar co seu avance e lanzarse contra el. O can, xa definitivamente comprendida na súa lóxica animal que aquela figura coñecida de comportamentos estraños quería matalo, actuou en consecuencia poñendo en funcionamento as poderosas mandíbulas de pastor alemán que nos seus mesturados xenes de palleiro herdara. Así, trabou e tirou até quedar cun importante anaco da pel do antebrazo, pero Lidia continuou lanzando bocados ante o seu estupor. Quedara medio paralizado ante esa falta aos seus principios de que calquera humano ante o contacto dos seus dentes adoitaba saír escapando. Unha forte trabada lle deixou coas tripas ao aire e o último que veu o coitado animal antes de morrer foi aqueles ollos tan alleos á rapaza que coñecera. Quen unhas horas antes respondía ao nome de Lidia mordeu e comeu aquelas partes brandas cheas de pelo, apurando ao máximo antes de que chegaran aqueles novos compañeiros de estado, igual de ansiosos ante aquela fonte de enerxía. O pobre animal estaba xa irrecoñecible polas trabadas cando quen antes levaba as cartas no Concello caeu sobre el buscando máis alimento, e ela seguía desexando máis. Atopou a solución ao fondo de onde estaba e cara alí avanzou.

Daniel fitaba a pistola do seu antigo compañeiro como se nesa concentración houbera un xeito oculto de mudar todo. Atendendo aos detalles da vella Llama Gabilondo M-82 que Paco presumía de manter en óptimo

estado, parecía que a man introducida na boca daquela cousa non lle doía tanto, aínda que as punzadas de protesta baixo a luva facíanlle sospeitar algún esguice dos dedos ou algo peor. De feito, preferira non retirar aquela funda de verdade protectora porque sospeitaba que calquera movemento orientado a tal fin suporía con total seguridade un verdadeiro estoupido de dor, incluso o propio desmaio. A colocación do equipo regulamentario antes de baixar do coche fora a última ocorrencia afortunada daquela noite, pero neses intres sentíase absolutamente desbordado e por iso apenas se moveu cando o dono da casa disparou aquel rifle contra a cousa que quería entrar, nin lle reprendeun pouco por un manexo tan ilegal da arma, e, no acoso dos veciños ao pedáneo, só tivo como única idea coller a pistola e disparar ao aire, cousa que ao cabo non fixo falta grazas á autoridade desenvolvida pola dona da casa. El quería liscar, era o único no que podía pensar, pero sabía, mellor que ninguén, que estaban atrapados. Mentira sobre o falado pola radio do coche antes de entrar. A verdade, dura e cruel, era que non lle garantiran axuda. Pola contra, déranlle a entender que aquilo se convertera nunha zona en corentena e debían aguantar até a chegada de a saber qué misteriosos equipos, algo que non puido confirmar desde o seu propio móbil, sen cobertura como os demais. O episodio do helicóptero confirmáballe as súas peores sospeitas de que en realidade non se ía tratar de equipos de rescate, senón máis ben de intentos de control de danos maiores, pero tamén sabía perfectamente que esa idea non debía comunicala de momento a ningún dos que alí se amoreaban, pois demasiado inflamados estaban os ánimos. A reacción da dona da casa veu ser como unha prórroga para el e sentiuse un pouco mellor, estado no que tamén colaboraban as fiestras máis altas e afastadas do patín abertas, co seu

agasallo de aire fresco da noite. A contemplación da cantante da orquestra, guapísima aínda baixo aquelas roupas vellas de préstamo, pareceu dar novos pulos ao seu ánimo, pero o ruído que de súpeto chegou do baixo veu demostrar que eses pequenos detalles eran simples lapsos no pesadelo. Pola súa condición de autoridade conseguiu axiña un espazo na fiestra para comprobar o que pasaba: aqueles redivivos argallaban no baixo, ao que parecían dirixirse a maioría como se alí se agochase un tesouro. De súpeto, saíron correndo varios coellos e detrás deles a rapaza rescatada tralo escenario, xa sen resto de humanidade. Os seus movementos torpes resultaban ser máis rápidos do que parecían pois conseguiu coller un dos cazapos dunha poutada a pesar do terrible estado dos seus brazos, ambos con espantosas feridas. A súa boca, xa sen restos de cosmético, abriuse até o que parecía a dislocación da mandíbula e nun bocado papou a cabeza ao animalíño. A escena superou todos os niveis de asco e náusea do axente e por iso apuntou con rabia a Llama á cabeza daquel ser repulsivo. O seu disparo foi desviado cun golpe dado por quen fora pai daquilo e que suplicaba absurdamente que non lle fixera nada á súa filla, como se esta aínda tivese algunha oportunidade de recuperar a súa existencia. Daniel comprendeu entón que seica se deixara levar polo impulso e que aquela noite o último que se necesitaba era un comportamento impulsivo, sobre todo porque, como acababa de pasar, malgastara unha bala e dalgún xeito comprendía que podían necesitar toda a munición posible para repeler máis ataques. Tatexou unha desculpa e afastouse uns pasos gardando esa segunda arma no cinto ás súas costas. As persoas que estaban naquel cuarto mirábano con estrañeza, agás o dono quen, tras observar o dos coellos, quedara enmudecido nun estado de

shock que non pareceran advertir os seus familiares, demasiado absortos tamén na súa propia mágoa, pero que si resultaba dolorosamente evidente para o axente que, porén, tivo que deixar en segundo termo a súa apreciación ao comprobar o comportamento dalgunha xente. Tal e como adoitaba dicir súa nai, hai xentalla que non coida nin un chisco o que non é seu, e nin a simple gratitude conseguía botar por terra un axioma tan contundente. Algúns membros da orquestra colleran sen permiso o contido do moble bar e montaran unha especie de botellón sentados nun círculo ao que se uniron algúns espontáneos. O alcohol e o mesmo procedemento de compartir as botellas instalara en todos eles un ambiente de troula alleo ao respecto debido ao momento de perigos e morte, e, ao recriminarllo ao que parecía o cabeciña de todo aquilo, este rebateulle que podía poñerlle unha multa se quería que el, en crúas palabras textuais, pensaba facer desde xa todo o que lle saíse dos collóns. Daniel sentiu un desexo incontrolable de enchelo de golpes até desfigurar aquela cara de cabrón que seguía retándolle desde un sorriso imbécil, pero o seu incipiente cansazo insuperable parecía anularlle a capacidade de reacción. A cantante chegou de súpeto e deu conta do seu desexo. Malia ser de moito menor tamaño que aquel magallón, as súas dúas labazadas resultaron tan fortes que moveron de lado a lado a aquel tipo como se as soltase un boxeador de peso pesado. “Abilio, díxenche que nin se che ocorre”, rematou ela, e o tal Abilio quedou tan noqueado que do único que puido ocuparse foi de recolocar a mandíbula no seu sitio en vez de buscar outra resposta consonte a aquela violencia contra a súa persoa. “Deixade todo no seu sitio e non fagades máis parvadas”, ordenou aquela rapaza cun ton tan perentorio que aquela infame celebración quedou disolvida inmediatamente e

incluso algún dos participantes, avergoñado, recolleu todo o que deixara tirado. Daniel sentiu entón que se namorara no acto por primeira vez na súa vida, aínda levando uns tres anos con noiva formal e plans de voda, pero debeu deixar a análise desa nova situación sentimental para mellor ocasión. Un berro angustioso parecía chegar da altura do teito e a visión das escaleiras abatibles abertas na esquina do corredor fíxolle comprender que naquela casa había un faiado e que precisamente nel debera acontecer algo grave. Subiunas correndo para atoparse cuns pés suspendidos no aire a escasos centímetros do chan, e a dona da casa ao carón chorando desesperada. O sitio tiña escasa altura, pero o Coelleiro conseguira aforcarse atando o pescozo a unha das vigas do tellado e saltando desde unha caixa. Daniel e outros dous voluntarios conseguiron descolgalo de alí, pero era demasiado tarde. O home romperá o colo no tirón da caída e no seu xesto quedara eternizado un ricto de espanto. Ese par de horas no que perdera a un fillo, disparara contra un veciño e finalmente vira á súa neta convertida nun monstro voraz romperá algo no seu interior co que non se sentira capaz de vivir. A viúva tateaba fóra de si que dera a escusa de subir por unhas mantas vellas para a xente, mentres a súa filla e nai de Lidia tentaba acougala malamente tamén desde o suma e segue horrible no que se vía de supervivente á morte dun irmán, unha filla e un pai. Preferiron deixar o corpo alí agochado, co pobre sudario dunha saba vella, e baixar de novo onda os demais. A esperanza inútil do axente era que ninguén se decatase da perda, pero, precisamente, un dos que colaboraran a descolgar o cadáver e que non se debía caracterizar pola discreción encargouse de propagar a nova e, antes dun pestanexo, todos na casa sabían da morte do Coelleiro. Produciuse así unha nova vaga de indignación cara ao pedáneo, se

ben a primeira nunca chegara a extinguirse. Novas miradas de odio e reproches volveron saír disparados na súa contra, como se el fose o responsable de cinguir aquela corda no colo dun veciño tan apreciado. O que era peor, comezaban a escoitarse voces esixindo que o botasen á rúa como pago pola súa decisión política. O malo das ocorrencias a mala fe é que sempre conseguen voluntarios que as apoien, seica con peor fe que os que as propuxeron. De pouco valía que xente con máis sentido común, como o presidente da Comisión de Festas, a rapaza da orquestra ou a propia dona da casa, quen aínda desde a súa lacerante dor tiña o suficiente ánimo para tentar suavizar os ánimos, rogasen por algo tan humilde como un pouco de calma. O ruxerruxe maioritario era a vinganza, basicamente cega, contra o representante da causa pola que estaban alí encerrados en grave perigo. Daniel tentou colocalo tras el para protexelo e adoptar o seu aceno máis fero mentres apoiaba a man sobre a súa pistola, pero os veciños non parecía ter moi presente a autoridade neses momentos. Pola contra, estaba a mudar á turba incontrolable que esixe a súa peaxe dun sacrificio humano para acougar a súa angustia común. “Non o defenda, axente”, ordenou o que fora cabeciña do botellón, un dos principais instigadores de todo aquilo aínda non sendo do lugar, e Daniel arrepeniuse de non partirlle a cabeza uns minutos antes. O aludido buscou a protección das súas costas. O presidente da Comisión seguía tentando acougar aquilo, pero o único que estaba conseguindo eran comentarios cheos de malas intencións cara á súa persoa, cando non algún empuxón para apartalo de diante. Todo conxelouse no intre en que resoou un disparo naquela estancia e anacos da pintura do teito caeron sobre as sorprendidas cabezas.